

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de maio de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 6,13, 20 e 27 de abril de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para edificación de 82,50 m², dividida en cuatro zonas: almacén de apeiros de labranza para matemento dun horto existente na parcela, almacén de forraxe e pequena maquinaria agrícola, galiñeiro e cuadra de ovellas, en San Vicente de Pedreda (exp. 2020/Y001/000084 e para reestruturar e ampliar edificio existente para local sen uso en planta baixa e 3 apartamentos turísticos en plantas altas, na rúa San Fernando, número 4 (exp. 2021/Y001/000304).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para contrución edificio en rúa Armórica, números 34, 36 e 38 (exp. 2021/Y001/000022).

2. XESTIÓN.- Acórdase o pago do prezo xusto fixado polo XEG "Expropiación por ministerio de lei da parcela 6 sita na ronda Xosé Castiñeira. eml-007.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a anulación do acordo 7/282 da Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2022 de contratación da subministración de material de imprenta 2022 (reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social) por procedemento aberto simplificado e a nova aprobación da contratación de referencia. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto. apertura do

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5368562193864878327.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-5-2022

procedemento de contratación (exp. ref. 2022/C004/000011).

Tamén se acorda a desestimación do procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no arde lucus 2022, prorrogable para os anos 2023, 2024 e 2025. exp. ref. 2022-c005-000006. recurso de reposición presentado pola asociación de empresarios lugo monumental contra as bases reguladoras do procedemento.

4. PERSOAL.- Acórdase a resolución do concurso para a provisión do posto de traballo adxunto/a servizo parques e xardíns no Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. CULTURA.- Acórdase a aprobación do gasto e das bases reguladoras da concesión de subvencións ás asociacións culturais e persoas xurídico-privadas que desenvolven a súa actividade no eido da cultura.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA VECIÑANZA

6. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase o cambio de titularidade do posto número 8 do mercado municipal de Quiroga Ballesteros.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.